



Concello de Lourenz

ACTA

Expediente nm.:	rgano colexiado:
PLN/2019/11	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria urgente Motivo: «PLENO APOIO S REIVINDICACINS DOS TRABALLADORES DE MOBLES HERMIDA»
Data	2 de decembro de 2019
Duracin	Desde as 20:30 ata as 20:45 horas
Lugar	Saln de Sesins
Presidida por	rocio lopez garcia
Secretario	Begona Gonzlez Pedregal

ASISTENCIA  SESIN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	S
35312108R	AUREA MARA VZQUEZ ABAL	S
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAA	S
34880827Q	ENRIQUE JOS ROCHA PREZ	S
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRGUEZ BARRERA	S
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	S
71865319W	MANUEL ARANGO RON	S
33844382C	MARIO LEITN RAMALLAL	S
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	S

Concello de Lourenz





Concello de Lourenzá

33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

ASUNTO ÚNICO: Expediente 893/2019. MOCIÓN GRUPOS POLÍTICOS PARA APOIO INSTITUCIONAL ÁS REIVINDICACIÓNS DO COMITÉ EMPRESA E DOS TRABALLADORES DE MOBLES HERMIDA.

Favorable

Tipo de

votación:

Unanimidade/Ase
ntimento

NÚM. 001.-ASUNTO ÚNICO: Expediente 893/2019. MOCIÓN GRUPOS POLÍTICOS PARA APOIO INSTITUCIONAL ÁS REIVINDICACIÓNS DO COMITÉ EMPRESA E DOS TRABALLADORES DE MOBLES HERMIDA.

En primeiro lugar, abriu a sesión a Alcaldesa, Sra. López García, agradecendo ó publico a súa asistencia e dicindo que era un día triste para todos os que estaban na sala así como para moita outra xente, tanto de Lourenzá como doutros concellos limítrofes e de toda a Mariña en xeral, e que, poñéndose un pouco en situación, para ela, era a segunda vez que lle tocaba vivir algo parecido, que a outra fora no ano 2011, cando estaba recen chegada á política, pero se doutra vez fora unha situación difícil e complicada, era consciente que agora aínda o era moito máis aínda.

Continuou explicando que o grupo municipal do B.N.G. puxérase en contacto con ela e co P. Popular para comentar que tiñan interese en celebrar un pleno extraordinario para tratar esta situación e que tanto eles como o P. Popular coincidiran plenamente en que non se podía obviar unha situación que, como dixera antes, afectaba moitísimo non só a Lourenzá senón tamén o resto da comarca da Mariña, e por iso se reuniran os tres voceiros, tendo claro que era algo de todos, que ningún quería facer política dun tema tan serio e en consecuencia decidiran facer un acordo

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

unánime que pasaba a ler para despois abrir unha rolda de intervencións de cada un dos grupos.

A continuación a Alcaldía pasou a ler o contido literal do texto que era do seguinte tenor:

"A Corporación Municipal acadou un acordo unánime de todas as forzas políticas locais no apoio ás reivindicacións do Comité de empresa e dos traballadores de Muebles Hermida.

Para iso solicitan un PLENO EXTRAORDINARIO no que se manifeste o apoio institucional ás reivindicacións do Comité de empresa e dos traballadores de Muebles Hermida afectados pola falta de pagamento de salarios, así como pedir a implicación directa e total das Administracións Públicas (Xunta de Galiza e Deputación Provincial) colaborando na busca dunha solución ante a crise que Muebles Hermida atravesara.

Cómpre recordar que é a segunda ocasión en menos de 10 anos que esta mesma empresa, referente na comarca polo seu prestixio e por ser o principal sustento económico de case un cento de familias, pasa por unha situación semellante a pesares das importantes subvencións recibidas, sendo en tódolos casos os traballadores a parte máis débil desta cadea, razón pola que deberan contar cunha protección especial por parte das distintas administracións.

Por todo o anteriormente exposto, queremos mostrar o apoio do pobo laurentino cos propios traballadores e familiares ante a difícil situación na que se atopan, tratando de aportar algunha solución temporal e puntual ante as necesidades básicas que lles poidan xurdir ata a solución do conflito."

Seguidamente tomou a palabra a Sra. López García para dicir que lles gustaría vir aportando unha solución pero por desgracia, como todos sabían, a solución non a tiñan nin eles nin ningún grupo que a día de hoxe non había un camiño explícito a seguir, que non se sabía cal ía a ser a dirección que íase a tomar, se presente pero non se sabe; informou que ela se reunira con directivos da empresa e tamén se acercara á concentración dos traballadores diante da fábrica, e que todos estaban sumidos nunha situación de incerteza porque non sabían o que ía a pasar pero o que quería dicir e deixar claro era que, aínda que non tiveran solucións, os traballadores contaban co apoio do seu grupo e dos outros dous, para todo o que necesitaran e para todo o que puideran axudarlles, que trasladarían este acordo ás distintas administracións, tanto á Deputación como a Xunta de Galicia e tentarían de facer a forza e pedir implicación para procurar que se solucionara da mellor maneira para que os traballadores se viran afectados da menor forma posible.

A Alcaldesa aclarou que se chegaba á Xunta de Galicia, dende os distintos grupos parlamentarios, ademais deste acordo, a nivel individual poderíase poñer outro enriba da mesa.

A continuación a Sra. Alcaldesa deu a palabra o voceiro do B.N.G., Sr. Rocha Pérez, quen en primeiro lugar agradeceu que, dende o principio, a súa iniciativa fora recibida cos brazos abertos polos outros dous grupos municipais, e que dende o B.N.G. de

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

Lourenzá, pensaran en traer esta iniciativa ó Pleno por dous cuestións fundamentais, unha derivada pola situación de urxencia que estaban a pasar os traballadores de Mobles Hermida , que levaban catro meses sen cobrar e outra para manifestar o seu apoio ó Comité de Empresa, quen estaba sendo acusado de ser o culpable da crise que estaba pasando a empresa , e se xa non era pouco traballar sen cobrar, agora algúns querían culpalos da xestión levada a cabo pola empresa cando do único do que serían culpables era de querer defender os dereitos dos seus representados e de nada máis.

Continuou dicindo que, o seu parecer, dende a Corporación Municipal deberíase instar e presionar á dirección da empresa para que non dilatara no tempo a agonía a que estaba sometendo aos seus traballadores, que a decisión do camiño que querían levar estaba claro que era deles, pero que deberían ser conscientes que as contas bancarias da clase obreira non tiñan os mesmos ceros cas dos empresarios, que catro meses sen cobrar creaba unha situación de emerxencia social, e que como representantes políticos dos nosos veciños deberían facer o posible para evitar que se vexan con dificultades para cubrir as necesidades máis básicas.

Que dende o B.N.G., se o camiño era continuar coa actividade prestaríase o seu apoio para todo o que precisaran porque non podería ser doutra maneira pero que poñerían como condición irrenunciable o pago das nóminas debidas, e por isto solicitaban, tamén, a creación dun documento conxunto que se apoiara en dous pilares, que deberían dirixir á dirección de Mobles Hermida, á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial, que o primeiro pilar sería o pago inmediato das nóminas debidas e o segundo, unha toma de decisión sobre o futuro da empresa, para que se finalizara con esa agonía que parecía que non se dirixía a ningún bo porto.

Finalmente rematou a súa intervención dicindo que dende o B.N.G. de Lourenzá queríase manifestar o seu apoio ós traballadores/as de Mobles Hermida así como ó Comité de empresa, o apoio a todas aquelas accións que puideran tomar en defensa do seu salario e do seu posto de traballo, finalizando a súa intervención desexando ánimo e moita forza.

Seguidamente tomou a palabra o voceiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barrera, para dicir que o seu grupo quería mostrar o seu apoio a todos os traballadores, que alí non so había traballadores senón tamén veciños e amigos, que con eles estaba un compañeiro de grupo que tamén era traballador da empresa e que sabían perfectamente o que estaban pasando dende fai moito tempo, que o

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

seu grupo tamén estaban para o que fixera falla e para o que puideran axudar, e rematou dando as grazas ó público pola súa asistencia.

A continuación tomou a palabra o voceiro do P.S. de G-P.S.O.E., Sr. Arango Ron para manifestar que dende o grupo socialista os traballadores tiñan o seu apoio, e para dicir que terían que estar todos xuntos, loitando e que, dende o grupo socialista pedía que non se politizara o tema, que non se entrara nas redes sociais a discutir e sobre todo a contar mentiras e que tiñan que traballar todos xuntos e na mesma dirección.

Por parte do Sr. Rocha Pérez indicouse que quedaban emprazados os tres grupos políticos municipais para a redacción do documento para poder presentar aos distintos organismos e aos diferentes grupos parlamentarios da Xunta de Galicia, ó que foi corroborado por parte da Alcaldía para informar que o mellor era que se reuniran a xunta de voceiros para redactar ese documento e envialo as distintas administracións.

A Sra. Alcaldesa, antes de pechar a sesión, continuou dicindo que lamentaba non poder dar unha solución, que esperaba que a situación non se alongara moito no tempo e que cando rematara a sesión, posto que non podía no transcurso da mesma, gustaríalle que por parte dalgún membro do Comité de empresa ou de quen quixera, fixeran algún comentario, que estaban abertos a esa posibilidade.

Dado por finalizado as intervencións, o Pleno, por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar o escrito presentado polos tres grupos políticos municipais sendo o seu contido literal o que segue:

“A Corporación Municipal acadou un acordo unánime de todas as forzas políticas locais no apoio ás reivindicacións do Comité de empresa e dos traballadores de Muebles Hermida.

Para iso solicitan un PLENO EXTRAORDINARIO no que se manifeste o apoio institucional ás reivindicacións do Comité de empresa e dos traballadores de Muebles Hermida afectados pola falta de pagamento de salarios, así como pedir implicación directa e total das Administracións Públicas (Xunta de Galiza e Deputación Provincial) colaborando na busca dunha solución ante a crise que Muebles Hermida atravesará.

Cómpre recordar que é a segunda ocasión en menos de 10 anos que esta mesma empresa, referente na comarca polo seu prestixio e por ser o principal sustento económico de case un cento de familias, pasa por unha situación semellante a pesares das

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

importantes subvencións recibidas, sendo en tódolos casos os traballadores a parte máis débil desta cadea, razón pola que deberán contar cunha protección especial por parte das distintas administracións.

Por todo o anteriormente exposto, queremos mostrar o apoio do pobo laurentino cos propios traballadores e familiares ante a difícil situación na que se atopan, tratando de aportar algunha solución temporal e puntual ante as necesidades básicas que lles poidan xurdir ata a solución do conflito.”

SEGUNDO.- Reunirse á Xunta de Portavoces para redactar un documento conxunto que se presentaría á Xunta de Galicia, á Deputación Provincial, os diferentes Grupos Parlamentarios e a dirección de Mobles Hermida.

TERCEIRO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

NON PROCEDE NESTE PLENO.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

NON PROCEDEN NESTE PLENO.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova, s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506



Cod. Validación: 6AKQTYA6KFKTYWTT7HXTLYQ2 | Corrección: <http://concellolourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6